



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ORGANIZACIÓN
SECCIÓN DE FORMACIÓN

Expediente: 2026000001011

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A ACCIÓN FORMATIVA “ATENCIÓN ÁS PERSOAS CONTRIBUÍNTES NA CONTORNA DA APLICACIÓN TRIBUTARIA SIT- GTT, E PROCEDEMENTOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS DE RECADACIÓN”, “ (CÓDIGO OC26-1)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Logo de ver a proposta da Sección de Formación e o informe da Intervención desta deputación, e visto o expediente número 2026000001011 relativo á acción formativa de referencia, e o resto da documentación relativa á súa proposta pola unidade xestora interesada, o seu contido e deseño, e demais características que afecta á convocatoria da mesma e a súa execución;

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobación da acción formativa.

1º.- APROBAR a realización da acción formativa de emprego público local cuxos datos esenciais se indican a continuación:

- Entidade Promotora: Deputación Provincial da Coruña
- Unidade Xestora: Sección de Formación do Servizo de Organización
- Unidade Promotora: Vicetesoraría do Servizo de Tesourería

Acción formativa: Código: OC26-1	-	Denominación: Atención ás persoas contribuíntes na contorna da aplicación tributaria SIT- GTT, e procedementos teóricos e prácticos de recadación.			
— Persoal empregado público da Deputación da Coruña. Terá preferencia o persoal de atención ao público da área tributaria de recente incorporación nas unidades de atención tributaria e recadatoria.					
N.º Edicións	2	Participantes por edición	20 / 15	Total persoas participantes	35
N.º horas por edición	12	Nº Total horas a impartir	24		
N.º horas por sesión	3	N.º sesións por edición	4	Nº sesión por semana	Variable

- Modalidade formativa: Curso: Varias Sesións
- Canal formativo: Presencial (aula física)
- Tipo de certificación: Certificado de Asistencia
- Financiamento da formación: Interno mediante fondos propios da unidade xestora responsable da formación para o emprego público local (Formación Continua).

- Lugar e sede da formación: **1ª Edición (A Coruña):**
I.E.S Rosalía Mera. Aula 116
Rúa Míster Archer Milton Huntington, 24
15011 A Coruña
- 2ª Edición (Ferrol):**
Aula CeMIT - Biblioteca Municipal de Ferrol
Praza de España, 2 (3º andar)
15403 Ferrol

- Calendario e horario previsto: Durante os meses de febreiro e marzo do ano 2026, nos días e horario que se indican de seguido, aínda que poderá ser obxecto de modificación ou adaptación segundo as necesidades do servizo, dispoñibilidade de espazos ou das persoas relatoras propostas para a impartición desta acción formativa:

- Días:

1ª Edición (A Coruña): os días: 24 e 26 de febreiro e 3 e 5 de marzo.

2ª Edición (Ferrol): os días: 10, 12, 17 e 24 de marzo.

- Horario de todas as edicións: De 17.00 ás 20.30 horas
(cunha pausa de 30 minutos).

A impartición da/s edición/s desta acción formativa queda condicionada á efectiva concorrencia suficiente de persoas solicitantes e admitidas da mesma, trala realización da convocatoria a que se refire o apartado Segundo.- desta resolución, así como á dispoñibilidade de medios físicos, virtuais ou telemáticos, de selo caso, así como de persoal formador (persoas relatoras ou titoras), necesarios para a súa impartición segundo o calendario previsto.

Segundo.- Convocatoria da acción formativa.

2º.- CONVOCAR a acción formativa á que se refire o apartado 1º anterior, segundo o contido e as condicións que se indican de seguido:

Primeira.- Obxecto da convocatoria e persoas destinatarias.

O obxecto desta resolución é convocar unha acción formativa consistente nun curso de formación segundo o detalle que se indica a continuación:

Título: Curso de Atención ás persoas contribuíntes na contorna da aplicación tributaria SIT-GTT, e procedementos teóricos e prácticos de recadación.

Código: OC26-1.

Modalidade, lugar (sede), días e horario de impartición:

- Modalidade e lugar (sede):

1ª Edición (A Coruña):
I.E.S Rosalía Mera. Aula 116
Rúa Míster Archer Milton Huntington, 24 - 15011 A Coruña

2ª Edición (Ferrol):
Aula CeMIT - Biblioteca Municipal de Ferrol
Praza de España, 2 (3º andar) - 15403 Ferrol

- Días e horario:

1ª Edición (A Coruña): os días 24 e 26 de febreiro, e 3 e 5 de marzo en horario: de 17:00 as 20:30 horas (cunha pausa de 30 minutos).

2ª Edición (Ferrol): os días 10, 12, 17 e 24 de marzo, en horario: de 17:00 as 20:30 horas (cunha pausa de 30 minutos).

Horas lectivas: 12 horas.

Data límite de solicitude: tres días hábiles desde o día seguinte á súa publicación ou comunicación ás persoas destinatarias.

Número de prazas: 20 na Edición 1ª (A Coruña) e 15 na Edición 2ª (Ferrol).

Destinatarios do curso:

- Persoal empregado público da Deputación da Coruña. Terá preferencia o persoal de atención ao público da área tributaria de recente incorporación nas unidades de atención tributaria e recadatoria.

Obxectivos do curso:

Xeral:

- Dotar ao alumnado dos coñecementos teóricos e prácticos básicos relacionados co procedemento recadatorio.

Específicos:

- Achegar ás persoas participantes á xestión pública moderna, eficiente e eficaz.
- Describir e profundar nos coñecementos e habilidades precisas para desempeñar os postos de atención ao público.
- Desenvolver nas persoas participantes as técnicas para un adecuado servizo á persoa contribuínte.
- Transmitir e, de ser o caso, perfeccionar, as habilidades laborais para o exercicio adecuado na xestión da administración tributaria.
- Facilitar as obrigacións tributarias á cidadanía. Incremento paulatino das actuacións que poida realizar telematicamente.
- Mellorar os niveis de xestión de: recadación voluntaria e executiva, domiciliacións, etc.
- Mellorar a percepción cidadá do servizo prestado pola administración.

Programa do curso:

- Introdución e breve comentario sobre A Lei Xeral Tributaria.
- Principios Tributarios Xenerais.
- Os tributos como recursos das Facendas locais.
- Competencias das Entidades Locais en materia de xestión tributaria.
- Os Tributos. Consideracións previas.
- Elementos estruturais.
- Persoas obrigadas tributarias. A débeda Tributaria. Clases de tributos.
- Notificacións Administrativas. Procedemento.
- Procedemento de recadación.
- Período Voluntario e Período Executivo. Embargos.
- Embargos cautelares, Reembolso custo garantías, Tercerías.
- Aprazamentos e Fraccionamentos de pago.
- Procedementos Especiais: As persoas responsables e sucesoras.
- Revisión de Actos en vía administrativa.

Segunda.- Presentación de solicitudes.

Poderanse presentar unha única solicitude ás actividades formativas incluídas nesta convocatoria.

As solicitudes deberán presentarse no espazo habilitado a tal efecto na plataforma SUBTel. Para acceder a esta plataforma é requisito imprescindible ter unha conta de correo corporativa activa no Directorio público da Deputación da Coruña. As persoas interesadas que non estean dadas de alta neste directorio público non poderán participar nesta convocatoria.

O prazo para presentar as solicitudes comenzará o día 16 de febreiro de 2026, ás 08:00 horas e rematará o 20 de febreiro de 2026 ás 14:00 horas.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso e á imposibilidade de participar en calquera outro desta anualidade.

Antes do inicio desta acción formativa, comunicárase por correo electrónico ás persoas solicitantes, o nome daquelas que fosen inicialmente admitidas e inadmitidas e a causa desta inadmisión.

As persoas admitidas e que por circunstancias sobrevidas non poidan asistir, deben comunicalo o máis axiña posible, mediante un correo electrónico dirixido á Sección de Formación para facilitar que outra persoa poida ocupar a súa praza, de selo caso, na seguinte dirección electrónica: formacion@dacoruna.gal

A persoa interesada debe contar coa autorización da persoa superior xerárquica desde o momento no que realiza a inscrición. O envío da solicitude telemática debidamente cumprimentada supón a aceptación expresa das normas e procedementos que rexen o curso.

Terceira.- Priorización e selección.

O persoal participante seleccionárase consonte cos seguintes criterios:

1.- Criterios específicos de cada curso (perfil do persoal destinatario).

- Persoal empregado público da Deputación da Coruña. Terá preferencia o persoal de atención ao público da área tributaria de recente incorporación nas unidades de atención tributaria e recadatoria.
- Interese expresamente manifestado pola unidade xestora proponente na participación da persoa solicitante na actividade formativa.
- Relevancia da experiencia de aprendizaxe para a mellora das competencias requiridas para o posto de traballo.
- Utilidade da experiencia de aprendizaxe para a promoción profesional.

2.- Criterios xerais segundo a seguinte orde:

- a) Prioridade da elección establecida na solicitude.
- b) Apelidos e nome, comezando por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “M” que saíu no sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, realizado o 21 de xaneiro de 2025 (DOG número 16, do 24 de xaneiro de 2025), seguindo pola dita letra en sentido ascendente (exemplo: N, Ñ, O,...).

3.- Outros criterios de aplicación:

- De acordo co disposto no artigo 60.1 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgarase preferencia na selección a quen se incorporou no prazo dun ano ao servizo activo, procedentes do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresasen desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, con obxecto de actualizar os coñecementos dos empregados e empregadas públicas.
- Poderase participar en actividades de formación durante os permisos por parto, adopción ou acollemento, así como durante a situación de excedencia por coidado de familiares, segundo o disposto nos artigos 49 e 89.4 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.
- En aplicación do Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as persoas con discapacidade que soliciten participar nunha actividade formativa poderán facer constar tal circunstancia na inscrición, e poderán indicar, as adaptacións necesarias para poder realizala no caso de que fosen seleccionadas.

Cuarta.- Réxime académico.

Poderán ser excluídas das actividades formativas nas que estean a participar e de futuras convocatorias, as persoas seleccionadas que non observen as regras elementais de respecto e consideración cara a persoal docente, participantes ou persoal da Deputación Provincial da Coruña e, en xeral, que contraveñan o disposto no Código de bo goberno da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) ao que se adheriu a Deputación Provincial da Coruña mediante acordo plenario de data 21 de decembro de 2018 e publicado no BOP da Coruña número 18 do día 25 de xaneiro de 2019, tendo en conta que os empregados públicos locais, se atopan suxeitos a este respecto ao código ético e de conduta recollido na normativa sobre función pública.

Quinta.- Réxime de asistencia e certificados.

A.- A expedición de certificados de asistencia supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 85% das horas presenciais ou das videoconferencias en directo programadas, aínda que as faltas estean xustificadas. No caso de formación mixta, será obrigatorio, ademais, entregar os traballos que se propoñan, e que estes cumpran os requirimentos mínimos establecidos para cada curso.

Para obter o certificado de asistencia aos cursos en liña deberánse visualizar completamente todas as leccións e realizar, coa puntuación mínima que se estableza, todos os test e probas das que conste a acción formativa.

B.- As persoas admitidas, e que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito dirixido á Sección de Formación por correo electrónico a seguinte dirección electrónica: formacion@dacoruna.gal. A Deputación valorará a admisión en futuros cursos, tanto deste ano como dos vindeiros, das persoas que non cumpran este requisito.

C.- As persoas admitidas nun curso presencial ou por videoconferencia en directo que teñan unha asistencia inferior ao 85% das horas lectivas, deben xustificalo por escrito diante da Sección de Formación. A Deputación estimará a admisión en futuros cursos das persoas que incorran nesta circunstancia.

D.- A persoa admitida nun curso en liña que non siga o programa de estudos establecido pola Sección de Formación poderá ser excluída deste.

E.- Non se entregarán ás persoas participantes certificados ou diplomas de asistencia en formato papel senón en formato electrónico (PDF), que se terán que descargar da plataforma SUBTel no seguinte enderezo electrónico:
<https://sede.dacoruna.gal/subtel/formacion/solicitante/diplomas>

Sexta.- Criterios de compensación para esta acción formativa.

A compensación horaria pola asistencia aos cursos presenciais realizados polo persoal desta Deputación da Coruña fóra da súa xornada laboral axustarase ao indicado a continuación:

- Cada empregada/o público poderá dispor dun “crédito horario” de 40 horas/ano para compensar a asistencia as accións formativas de emprego público local que se realicen fóra da xornada laboral e cuxa materia estea relacionada coas funcións propias do posto de traballo, sempre de acordo coas porcentaxes establecidas para cada curso, acción formativa e posto de traballo.
- Aqueles cursos ou accións formativas que se realicen dentro da xornada laboral non computarán dentro deste crédito horario.
- Para os cursos ou accións formativas que se realicen fóra da xornada laboral estableceranse porcentaxes de compensación que variarán en función da materia do curso / acción formativa e a súa relación con cada posto de traballo. Así, para un mesmo curso / acción formativa establécense distintas porcentaxes de compensación segundo o destino de cada persoa solicitante. En todo caso nunca poderán compensarse máis de 40 horas/ano.
- Cando se establece unha compensación do 100%, as horas de asistencia ao curso / acción formativa compensaranse na súa totalidade pero non se imputarán ao crédito de 40 horas.
- No caso de que unha persoa participante non complete o 85% das horas do curso / acción formativa terá dereito a compensación sempre que a súa non asistencia sexa xustificada e que estas faltas xustificadas, sumadas ás horas de asistencia, supoñan un mínimo do 85% das horas lectivas.
- A compensación poderase facer nos 6 meses seguintes á recepción da comunicación coas horas das que dispón. Haberá dúas vías:
 - A) O crédito horario pódese aplicar á entrada/saída, nese caso ha de respectarse o horario mínimo de permanencia.
 - B) O crédito horario pódese cambiar por xornada completa. Este cambio unicamente se poderá efectuar se a carga de traballo da Unidade o permite, polo que deberá negociarse previamente coa xefatura da Unidade, que, en todo caso, será a responsable da correspondente validación en e-tempo.

Na seguinte listaxe que se inserta de seguido figura a porcentaxe de validación establecida para esta acción formativa e posto de traballo. No caso de que algunha persoa solicitante ou participantes considere que, como consecuencia da relación existente entre a materia do curso / acción formativa e as tarefas correspondentes ao seu posto de traballo, a porcentaxe de compensación debería ser outra, debe solicitala por escrito debidamente fundamentado e asinado pola xefatura do servizo ou dirección do centro correspondente. O devandito escrito dirixirase á Sección de Formación por medio de correo electrónico na seguinte dirección electrónica: formacion@dacoruna.gal.

Do mesmo xeito, se dende a xefatura dalgún servizo ou dirección de centro se considera que a porcentaxe de compensación establecida para algunha ou todas as persoas que forman parte desta non é adecuada para un determinado curso / acción formativa, debe argumentalo nun escrito dirixido á Sección de Formación por medio de correo electrónico na seguinte dirección electrónica: formacion@dacoruna.gal.

O reflexo na aplicación de control horario da asistencia a esta acción formativa levarase a cabo de acordo coas seguintes indicacións:

1º- Se se trata de cursos que se realicen dentro da xornada laboral e que se impartan en dependencias provinciais, utilizarase a incidencia "45" "Cursos deputación"; os desprazamentos entre instalacións da deputación para a súa asistencia xustificaranse mediante a incidencia "39" "Xestión interna".

2º- Se os cursos teñen lugar dentro da xornada laboral pero en instalacións alleas á deputación, ao saír das oficinas provinciais utilizarase a incidencia "04" "Formación".

3º- Para os cursos do plan fóra da xornada laboral usarase a incidencia "50" "Curso plan formación", sempre que se impartan en dependencias provinciais.

4º- A asistencia a cursos do plan nos restantes casos non será obxecto de movemento ningún na aplicación de control de presenza.

Nos supostos comprendidos nos números 3º e 4º será control de presenza quen, logo de ver o informe da Sección de Formación, reflicte os tempos que deberán compensarse a cada asistente unha vez finalizado o curso.

Relación de Compensacións establecidas para a acción formativa de referencia:

NORMA XERAL

A admisión realizarase atendendo aos perfís definidos para cada curso. Establécese unha porcentaxe de compensación do 20% para todas as persoas asistentes admitidas que desempeñen postos de traballo non incluídos na relación seguinte:

ATENCIÓN ÁS PERSOAS CONTRIBUÍNTES NA CONTORNA DA APLICACIÓN TRIBUTARIA SIT- GTT, E PROCEDEMENTOS TEÓRICOS E PRÁCTICOS DE RECADACIÓN. (CÓD. OC26-1)
100% para todo o persoal.

Sétimo.- Información adicional.

Para calquera información relativa a esta acción formativa, poden contactar coa Sección de Formación da Deputación Provincial da Coruña por correo electrónico (formacion@dacoruna.gal) ou por teléfono (981 415 824 / 981 415 825 / 981 415 826 / 981 415 810).

Terceiro.- Encomenda da acción formativa.

3º.- ENCOMENDAR á Sección de Formación, nos termos e alcance previstos na Resolución de la Presidencia núm. 38905/2021, de día 4 de abril de 2021, relativa á encomenda da xestión de cursos de formación na Deputación Provincial da Coruña, a execución das actuacións necesarias para a realización desta acción formativa, nos termos previstos na presente convocatoria, autorizándoa a realizar aquelas adaptacións ou modificacións que sexan necesarias para a súa adecuación e efectiva impartición, en relación á sede, o calendario e o horario previsto no apartado 1º.- anterior, así como a resolución das incidencias que xurdan durante a súa xestión.